



## Concello de Lourenzá

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2017/7	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	15 de marzo de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:35 ata as 21:20 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Sesións
<b>Presidida por</b>	Rocío López García
<b>Secretario</b>	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77595025V	Carlos Rivas Rivas	Sí
33995905L	Francisco Javier Rodríguez Barrera	Sí
76565789P	Josefa Rodríguez Lorenzo	Sí
71865319W	Manuel Arango Ron	Sí
77595087X	María Emma Álvarez Chao	Sí
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	Sí
33803722R	Miguel Castrillón Fernández	Sí
77592743N	Pablo Maseda Fernández	Sí
76580879X	Rocío López García	Sí
77596320R	Ángel Fernández Villalba	Sí

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 16/11/17.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data dezaseis de novembro de dous mil dezasete (16/11/17), distribuída coa convocatoria, e non habendo nada, o borrador da acta da dita sesión foi aprobada por unanimidade dos presentes.

#### Expediente 173/2018. NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN: D.GUILLERMO RILO MUNÍN.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Este punto foi retirado da Orde de día unha vez que pola Alcaldía explicouse que non tiña razón de ser xa que tivera entrada hoxe mesmo, ó mediodía, un escrito de D. Guillermo Rilo Munin no que comunicaba a súa renuncia, por motivos persoais, ó cargo de concelleiro, e dado que non figuraba na orde do día, tentaríase tratar como asunto urxente antes dos rogos e preguntas.

#### Expediente 146/2018. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Ordinaria  
A favor:  
5, En  
contra:  
5,

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

Abstencións: 0,  
Ausentes : 0

### " A) PARTE RESOLUTIVA.

#### NÚM.003 .-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PRESUPOSTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DO 2018.

Dada conta, pola Sra. Alcaldesa - Presidenta, do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Presupuesto Municipal formado para o exercicio do 2018 e considerando que na tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría - Intervención e o ditame da Comisión Especial de Contas, ambos en sentido favorable.

Aberto o debate, por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, preguntou a Sra. Secretaria pola partida 150.619 referente ás obras de urbanización dentro do Programa do ARI, que ían a ser, segundo tiña entendido, a reparación do paso-calexón que ía a Rego Vilazo dende a Avda. da Mariña, e quería saber en que ían a consistir. Pola Alcaldía indicouse que íase a levantar o firme e poñer todo novo .

O concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, tamén preguntou pola achega do Concello de Lourenzá ó Centro de Información da Muller de Mondoñedo- C.I.M. (Partida 231.462) , dicindo que consideraba que debería ter máis consignación posto que debíanse varios anos. Por Secretaría indicouse que seguramente non reclamarían máis de un ano e aínda que o fixeran tamén poderíase facer transferencia doutra partida dentro mesmo programa. Tamén preguntou pola partida 920.143, sobre o contrato que tiña o arquitecto técnico municipal, dende cando estaba e se aínda estaba vixente. Pola Alcaldía indicouse que non o sabía exactamente, que tomaba nota e o mirarían.

Tamén polo Sr. Fernández Villalba preguntouse se os presupostos recollían algunha axuda á natalidade, facendo alusión o "cheque bebé", ao que por parte da Alcaldía respostouse en sentido negativo. Finalmente aludiu a que non aparecía recollida expresamente unha partida para a Protectora de Animais, que fora un acordo adoptado no Pleno e polo tanto e antes todas estas cousas ( non axuda á natalidade, non saber como está o persoal, non consignacións presupostarias) tiña que votar en contra dos presupostos.

A continuación tomou a palabra a voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, para manifestar o seguinte:

"Estes son os derradeiros presupostos desta lexislatura que elaboran e que executan integramente vostedes, e como tal, deberían ser os presupostos que recollen todos aqueles puntos que recollía o seu programa electoral e , a día de hoxe, aínda están no aire.

O primeiro punto do se programa electoral falaba de persupostos participativos, decían vostedes que darían voz aos cidadáns que serían eles

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

os que marcaran as prioridades do goberno. Primeira gran farsa do goberno socialista, non só non estamos ante uns presupostos participativos senón que tamén, fan caso omiso das reivindicacións dos veciños e veciñas, reffrome a estradas intransitables, saneamentos sen conectar, camiños de monte desfeitos, maderistas que andan as súas anchas, franxas de protección de vivendas e núcleos sen desbrozar, rúas sen limpar, farolas sen repoñer, contedores soterrados estropeados e con mal olor, etc. etc...

Por outro lado, nos orzamentos que hoxe aprobarán non hai recollida ningunha medida económica que presuma ver que só van a pagar o lixo as vivendas habitadas. Esta foi a gran promesa que vostedes fixeron casa por casa en campaña electoral, e , previsiblemente acabarán o seu mandato incumplindo, ao igual que incumplen outra promesa como a eliminación do soldo do Tenente de Alcalde que segue recollido nos orzamentos para o 2018 e que inclusive fixo mella no equipo de goberno.

Falaban vostedes de simplificar os trámites administrativos, máis todo segue igual anos despois, cantas licenzas hai a día de hoxe sen resolver, sabe decirmo, señora alcaldesa? Preguntámosllo en pleno e tamén por escrito, aínda estamos agardando resposta, pero a xulgar polas actas das comisións de goberno algo falla cando se da unha licenza de obra e unha licenza de apertura para o mesmo inmovible o mesmo día, estráñanos moito que o promotor a solicitara na mesma data.

Novas tecnoloxias ao servizo dos cidadáns, diganme unha soa mediada que puxeran en marcha máis aló da sede electrónica. Algo tan básico e rudimentario como o facebook oficial do concello fixeron desaparecer, máis seguen pagándolle a empresa que o actualizaba. E mesmo a app que subvencionou a Deputación de Lugo e deixou o Partido Popular funcionando para comunicarse co concello, non volveu a funcionar dende o día que tomaron posesión, claro que entendémolo, así non ten que poñerse colorada cada vez que lle digan “mandeiche esto ou aquilo outro e non me contestache”.

Nestes presupostos que presentan tampouco hai nada dese Centro de Día que proxectaban no programa electroal con cafetería aberta paa todos e programación de actividades para todas as idades.

Falaban de calidade de vida para todos, dicían que revisaría e ampliarían o servizo de axuda a domicilio impulsando as instalación e consecución de axudas para a mellora do nivel de vida das persoas dependentes. Neste punto e se fora vostede poñeríame colorada. O único a destacar nos presupostos en relación ao servizo ded axuda no fogar é a partida de 47.000 €. que teñen previsto pagar a unha empresa privada para que realice estes traballos. Esta é a esencia dos socialista de Lourenzá, incrementar a privatización.

Esto podemos enlazalo co plan de emprego municipal ao igual que lle dixemos o ano pasado, estes presupostos por terceiro ano consecutivo, e, agora, xa non poden escudarse no anterior equipo de goberno, non recollen ningún plan de emprego municipal máis aló de contratar persoal a través dos distintos programas da Xunta e da Diputación. Votamos en falta un cuadro de persoal estable que dea coberturas as necesidades do concello, e por suposto, un cuadro de persoal do concello que dea cobertura as necesidades de axuda no fogar sen necesidade de esternaliar un traballo

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

que lle supón as arcas municipais preto de 50.000 €.

Seguindo coa calidade de vida e co plan de emprego municipal, no tocante ao persoal e analizando os distintos programas seguimos a observar a desigualdade salarial entre os distintos traballadores do concello, a brecha salarial non é discriminatoria non só paa a muller , mesmo para as distintas mulleres comparando distintos programas. Deste xeito, desprezando as cuotas sociais e persoal temporal das distintas subvencións, observamos que no ano 2017 houbo 29 empregados que supoía un custo de 489.500 € ao concello. Tendo estes datos en conta, a media que cobra un traballador municipal é de 17.000 € ao ano. Agora señores concelleiros de goberno fíxense vostedes , o abano de salarios anuais vais dos 10.000 € ata os 40.000 € ao ano, é dicir, un 135% máis da media. E isto xusto, Sra. Alcaldesa? É isto equitativo?.

Dixémosllo o ano pasado, a solución pasa por facer unha RPT municipal que está iniciada dende o ano 2009, unha parte importante dos traballadores levan anos demandando , e vostedes socialistas de a pro, manteñen as mesmas desigualdades, potenciadas nalgúns dos casos, en facer nada por mudalas. Neste sendo a única diferenza é un incremento de salarios do 1,5% en relación ao ano pasado para todos os empregados.

Mellorar a calidade de vida tamén é crear axudas que permitan conciliar a vida familiar e a vida laboral, nada recollen estes presupostos de axudas á natalidade, tampouco recollen nestes presupostos ningunha medida encamiñada a fixar poboación, pero eso, non nos sorprende, desmantelaron un servizo sencia para as familias xoves, refírome ao Punto de Atención á Infancia. Recortaron o servizo un 25% mantendo os mesmos gastos. É así como fomenta a natalidade , a conciliación e pretender fixar poboación?.

Tamén votamos en falta este Plan de Mellora da Rede Viaria Municipal que proxectaban facer, desta forma, evitarían arranxar unha estrada dous anos seguidos, é dicir, asfaltar sobre asfaltado como fixeron en Santo Tomé e mentras tanto ter outras estradas intransitables por mor dos baches.

Sra. Alcaldesa, cos camiños forestais están desfeitos, o 90% dos maderistas non poñen fianza nin se está a solicitar por parte do concello o arranxo destas pistas e iso conleva a un despilfarro de diñeiro público a favor dun único sector, levan tres anos gobernando e seguen instaurados na deixadez sen facer nada para solucionalo. Tampouco deixa ningunha partida para acondicionar puntos de saca despois vemos aparcamentos como o do Xuncal que serve de almacenamento de biomasa. Teñen o concello manda por hombro e con estes presupostos non vemos nada novo.

No capítulo de inversións non atopamos ningunha partida adicada a mellora e dinamización a ruta do colesterol nin tampouco para a reestructuración do Campo da Gracia, que aparacía no seu programa electoral.

A promoción turística é un corta e pega dos presupostos do ano pasado, limitanse a cantro actuacións: pagar ao Obispado por ensinar o Museo de Arte Sacro e a Igrexa, un convenio que xa lle quedou redactado e que , a día de hoxe, ten unha cobertura moito menor que cando vostedes chegaron ao goberno; A outra gran partida para o turismo, corresponde coa subvención que piden para sinalizar as capelas dos concellos, é dicir, a

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

mesma subvenón que pediron este ano e lles foi denegada; e a terceira partida e para una iniciativa que partíu dun goberno popular, a celebración da Festa da Faba; e , a última partida, a maiores do ano pasado, é o pago dun folletos turísticos do concello que xa están feitos con un rueiro desactualizado e mal impreso.

Por todo isto, Sra. Alcaldesa, vamos a votar en contra e tamán poque seríamos incoherentes se aceptamos uns presupostos que non recollen o arranxo de ningunha das necesidades que urximos dende o grupo municipal do partido popular, como poder ser a reposición das vallas da área do Xuncal, a adaptación a normativa vixente dos parques infantis do Ranchito e de Oural, a firma do convenio cunha protectora de animais que por certo, na acta do pleno pasado que acabamos de aprobar dixo, en resposta a unha pregunta que lle fixo este grupo, que habería consignación nos presupostos do ano seguinte. Unha vez máis, Sra. Alcaldesa, faltou vostede a verdade.

Decía un titular de prensa ao día seguinte da súa toma de posesión que “ Rocío López pide que se le avise si se aleja de los vecinos de Lourenzá”, Sra. Alcaldesa, sinto decírllo pero vostede está de corpo presente cos veciños de Lourenzá pero os veciños xa saben fai moito tempo que vostede non está con eles, non só se alexou dos veciños, con toda humildade lle decimos que tamén se alexou dos seus principios de sa súa boa vontade.

Seguidamente tomou a palabra o voceiro do P.Popular, Sr. Arango Ron, para dicir que eran os presupostos do seu partido, e que se a Sra. Álvarez Chao falaba de estradas intransitables, contedores podres, etc. todo iso estaba cando gobernaban eles, absolutamente todas as estradas estaban en mal estado e os contedores soterrados porque foran mal feitos, e a brecha salarial debíase a contratos feitos polo partido popular. En canto á natalidade, crían que as medidas para solucionar este problema tiñan que vir da Xunta de Galicia, que un “ cheque bebé” non ía a solucionar nada.

Finalmente tomou a palabra a Sra. Alcaldesa indicando que non esta de acordo, que fixeran uns presupostos realistas e adaptados as demandas dos veciños, que a rede viaria, que en tal mal estado estaba, íana amañar e que ademais, tamén dentro dos investimentos, o ano pasado fixeranse as bases para suxeitar os contedores en algunhas e este ano íanlas a rematar no resto.

A Sra. Álvarez Chao, ante as palabras do equipo de goberno, pidiu un turno de réplica que lle foi denegado e así, dado por finalizado o debate pasouse á votación e o Pleno en votación ordinaria, cun empate nunha primeira votación, con cinco votos a favor, do grupo municipal do P.S. de G.-P.S.O.E., cinco en contra, do P. Popular e B.N.G., que foi resolto co voto de calidade da Sra. Alcaldesa, e polo tanto con seis votos a favor, do P.S. de G.-P.S.O.E., e cinco en contra, adoptou os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Presuposto desta Entidade para o exercicio do 2018, quedando a súa contía fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, nun total de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS SESENTA E CINCO MIL EUROS (2.565.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

	<b>ESTADO DE GASTOS</b>	
--	-------------------------	--

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenz

<b>CAP.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
1	GASTOS DE PERSONAL	854.000,00
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	655.000,00
3	GASTOS FINANCEIROS	4.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	250.500,00
6	INVERSINS REAIS	780.500,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	21.000,00
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>2.565.000,00</b>

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>		
<b>CAP.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
1	IMPOSTOS DIRECTOS	634.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	20.000,00
3	TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS	269.800,00
4	TRANSFERENCIA CORRENTES	1.014.300,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	17.600,00
6	ENAXENACION DE INVERSINS REAIS	100,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	609.100,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	100,00
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>2.565.000,00</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar igualmente as Bases de execucin de dito Presuposto.

**TERCEIRO.-** Aprobar, de conformidade co disposto no artigo 126.1 do Real Decreto 781/86 de 18 de abril, en relacin co art. 90 da Lei 7/85 de 2 de abril, o cadro de persoal que comprende tdolos postos reservados a funcionarios e persoal laboral.

**CUARTO.-** Que se expona  pblico por prazo de quince das hbiles a efectos de reclamacins, conforme  preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**QUINTO.-** Que no suposto de non presentarse reclamacins contra o mesmo se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trmite da sa publicacin, resumido por captulos, no Boletn Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relacin de postos de traballo, segundo o disposto nos artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril e 169.3 do referido Real Decreto Legislativo 2/2004, e noutro caso procederase de conformidade con previsto no nmero 1 deste ltimo artigo.

## Concello de Lourenz



## Concello de Lourenzá

SEXTO.- Que de conformidade co número catro do mesmo artigo, se remita copia do referido Presuposto á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

### Expediente 883/2017. ELECCIÓN XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento



Neste punto da orde do día pola Alcaldía informouse do estado de tramitación do expediente instruído para a elección do Xuíz de Paz substituto, que estivo exposto ó público durante un período dun mes, dende o día 28/10/2017 ata o día 27/11/2017, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 247 de 27/10/2017, e que se presentou unha soa solicitude.

O pleno, unha vez vista a solicitude, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, e polo tanto co quórum da maioría absoluta legal esixido pola Lei Orgánica 6/85 do Poder Xudicial, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Nomear, Xuíza de Paz substituta a D<sup>a</sup>. CELIA CABALEIRO REJA, con DNI. núm. 76.565.754L, con domicilio en Travesía da Mariña núm. 22 de este termo, durante un período de catro anos, de conformidade co disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Mondoñedo, quen elevarao á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o seu nomeamento, así como a D<sup>a</sup>. Celia Cabaleiro Reja para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### Expediente 172/2017. POBOACIÓN 2016.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Neste punto do orde do día deuse conta das cifras resultantes da revisión do Padrón Municipal de Habitantes Concello de Lourenzá, co resume numérico da poboación do termo municipal totalizado á data de 1 de xaneiro do 2017, tal e como se interesa pola Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística, coas seguintes cifras:

1.- VARIACIÓNS NO NÚMERO DE HABITANTES:

CONCEPTO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Poboación do municipio a 01/01/2016	2.259	1.097	1.162
Altas de 01/01/16 a 01/01/17	59	28	31
Baixas de 01/01/16 a 01/01/17	94	47	47

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Variacións por erro en el sexo: Altas/Baixas	0	0	0
Poboación Municipio a 01/01/2017	2.224	1.078	1.146

### 2.- CAUSAS DE VARIACIÓN NO NÚMERO DE HABITANTES:

CONCEPTO	NACEMENTOS/ DEFUNCIÓNS	CAMBIOS RESIDENCIA		OMISIÓNS/ INSCRICIÓN INDEBIDA
		De/a municipio	outro De/ó estranxeiro	
Altas residentes no Municipio	11	45	3	0
Baixas residentes no Municipio	40	47	5	1

### 3.- ALTERACIÓNS MUNICIPAIS POR CAMBIO DE DOMICILIO DENTRO DO CONCELLO:

CONCEPTO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Cambios domicilio(secciones del municipio)	0	0	0

O Pleno da Corporación , por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, conformou as cifras do Resume numérico de referencia.

### ASUNTO URGENTE: DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE RENUNCIA DE D. GUILLERMO RILO MUNÍN.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimen  
to

A continuación e, tal e como fora anunciado pola Alcaldía, informouse da presentación dun escrito por parte do concelleiro D. Guillermo Rilo Munín, con data 15/03/2018, rexistrado de entrada co núm 501 e no que comunicaba a súa intención de renunciar, por motivos persoais, ó cargo de concelleiro, que lle correspondía en substitución de D. Francisco Dasilva Rivas.

Consecuentemente e como trámite previo, someteuse á votación a declaración de urxencia, motivada polo feito de que en caso contrario habería que agardar dous meses para solicitar a credencial do novo concelleiro, non sen antes manifestarse, por parte dos dous grupos da oposición, o seu desgusto por non seren informados da presentación do escrito con anterioridade á celebración do pleno polo menos cun correo electrónico xa que aínda que tivera sido presentado ó mediodía como xa pasara na outra ocasión con motivo da renuncia do Sr. Dasilva Rivas, que parecían unha falta de respecto cara a eles, indicándose pola Alcaldía que se trataba dun punto no que non había nada que debater, soamente quedar enterados do contido do escrito e actuar en consecuencia e non dilatalo a outro pleno posterior.

Seguidamente pasouse á votación, sendo declarada a urxencia con cinco votos a favor, do P.S. de G.-P.S.O.E., e cinco en contra do B.N.G. e do P. Popular , motivado polo feito de non térllelo comunicado antes da celebración

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

da sesión, dirimíndose nunha segunda votación e co voto de calidade na Sra. Alcaldesa e coa maioría requirida, o acordo favorable para súa declaración de urxencia.

Así pois, unha vez declarada a urxencia e sendo o contido literal de dito escrito o que a continuación se transcribe literalmente:

*"D. GUILLERMO RILO MUNIN, concelleiro da Corporación municipal de LOURENZÁ, electo pola lista P. S. de G-P.S.O.E., nas Eleccións Municipais do 27 de maio do 2015, e unha vez recibida a notificación achegada pola concello na que se me comunica que está a miña disposición a miña credencial para poder tomar posesión como concelleiro, en substitución de D. Francisco Dasilva Rivas, ante a Corporación municipal de LOURENZÁ, EXPÓN:*

*Que por motivos persoais que me impiden atender os deberes propios do cargo de concelleiro coa dedicación que tal responsabilidade require, véxome no deber presentar a miña renuncia ó cargo de concelleiro, o que comunico á Corporación Municipal de LOURENZÁ, ós efectos do disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral e Instrución da Xunta electoral Central do 10 de xullo de 2003 (BOE do 18/07/2003), co fin de que se proceda ó relevo mediante os candidatos seguintes da lista pola que fun elixido."*

Coñecido o contido do escrito, o Pleno, acorda:

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento da renuncia ó cargo de concelleiro de Lourenzá que realiza D.GUILLERMO RILO MUNÍN e devolver a súa credencia á Xunta Electoral Central.

**SEGUNDO.-** Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que por esta se achegue a credencial de D.MARCOS CANDIA CUBA, seguinte na lista (co número oitavo), dos que concorreron ás últimas eleccións municipais polo Partido do Socialista de Galicia-P.S.O.E., para que se proceda ó relevo e poida tomar posesión do seu cargo como concelleiro.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### **DACIÓ DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA , DENDE A NÚM. 1188/17 DE DATA 14/11/2017 ATA A NÚM.271/18 DE DATA 07/03/2018.**

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 1188/17 de data 14/11/2017 ata a número 271/18 de data 07/03/2018.

#### **DACIÓ DE CONTA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA 4º TRIMESTRE DO 2017.**

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre execución do presuposto correspondente ó *CUARTO*

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

*TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017*, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 18/01/2018, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.

### **DACIÓN DE CONTA PMP 4º TRIMESTRE E MOROSIDADE ANUAL 2017.**

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informes do *CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017 relativo ao CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES* de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpríuse no Cuarto Trimestre do Exercicio 2017, posto que o Período Medio Global foi de -18,06 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 25/01/2018.

### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

#### **ROGOS DO B.N.G.**

O Sr. Fernández Villalba, concelleiro do B.N.G., presentou á Alcaldía os seguintes ROGOS:

1º.-Rogamos que xa que facemos un investimento de 1579 euros no mantemento da páxina web do Concello, tentemos de sacarlle algo máis de rendibilidade, aproveitando ao mesmo tempo para a súa actualización.

2º.-Dado que o segundo Tenente de Alcalde ten unha dedicación parcial dentro das súas obrigas sería acudir as Xuntas de Goberno e non en escudarse en motivos laborais, así Rogamos acuda ás Xuntas de Goberno ou ben renuncie ó seu salario.

3º.-Rogamos que se publique na páxina Web do concello ou ben por medio de bandos os criterios que seguen os servizos sociais deste concello para conceder as axudas do banco da alimentos ós veciños. Pode haber

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

algún veciño que ignore dita axuda.

### **ROGOS DO PARTIDO POPULAR.**

A continuación, a voceira do P. Popular, Sra. Álvarez Chao, presentou os seguintes ROGOS á Alcaldía, quedando a Alcaldía ó tanto de todo eles:

1º.- O pasado xoves 18 de xaneiro debería de haber un pleno, máis segundo informa a Sra. Alcaldesa non se celebra porque non hai asuntos que tratar, o mesmo pasou en xaneiro do 2017, q, o último día hábil para convocalo, a Sra. Alcaldesa notificou que non ía habelo mediante whatsapp que dicía textualmente: "Este xoves teríamos que ter pleno, dado que non hai moitos asuntos que levar nin preguntas xq a maioría son resolucións ois acordamos deixalo para o seguinte, desculpade as molestias".

A este grupo, e así o manifestamos en pleno ordinario o 16 de marzo do 17, parécelle unha falta de respecto hacia os grupos da oposición, que se nos prive do dereito de facer preguntas e rogos ao equipo de goberno, exercendo así a nosa función de control

Amáis consideramos que hai suficientes temas no tinteiro pendentes de outros plenos para darlle contido a un pleno ordinario, que, non entendemos porque non se acaba coa súa tramitación ( exemplo: moción do P.P. para exención puntual da taxa municipal de licenza de obra de cubertas e fachadas ruinosas; tramitación exencións de expedientes de ruína e remate exterior de fachadas- ordenanza de vados, inventario de camiños, ordenanza mercado das prazas...).

Por este motivo rogámoslle que convoque todos os plenos ordinarios en tempo e forma, con carácter bimensual como acordaron a principio de legislatura, para así non privar aos grupos da oposición de exercer o seu traballo de control ao goberno. E, en caso de que sexa necesario aprazalo ou adiantalo polo motivo que sexa, rogamos se nos consulte, dependendo da importancia dos temas a tratar, en xunta de portavoces.

2º.- En varias ocasións, sendo a primeira delas en pleno celebrado o 24 de setembro do 2015, rogamos á Sra. Alcaldesa e ao seu equipo de goberno que procederan ao mantemento da Ruta de Sendeirismo Val de Lourenzá, pois, dende este grupo consideramos que pode ser un potencial turístico importante. Como vostedes saben, foi unha ruta deseñada en estreita colaboración cos presidentes da Asociación de Sendeirismo Local e co Club Ciclista Local e nacía co propósito de dar a coñecer o Val de Lourenzá, e atraer visitantes de fora que se acercaran pasar todo un día ao noso concello, por ise motivo, para por todos os puntos de máximo interese do Val: o Pazo de Tovar, o muíño do Pereiro ou o Mirador da Valiña para citar algún. A idea era promocionala, de feito, vostedes mesmo seguiron adiante co proxecto de xeoreferenciar a ruta, e, mesmo figura nos últimos folletos turísticos que elaborou o concello.

Máis consideramos que falta moita labor de difusión e sobre todo de mantemento da mesma. A día de hoxe, a consecuencia da actividade

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

madreira sen control que se exerce neste concello hai tramos intransitables donde mesmo algún madeirista sacou a sinalización da ruta en algún punto concreto sen que se lle esixira por parte do concello voltar a colocala nin, tampouco o fixo o concello.

É por isto que rogamos unha vez máis, do equipo de goberno un apoio activo a este recurso que temos e que supuxo un importante desembolso económico das arcas públicas, empezando por repoñer a sinalización, por arranxar a baixara que quedara pendente en Lavandeira en San Adriano, algo que lle pedimos en varias ocasións e finalmente mantela limpa de maleza e escombros, para posteriormente promocionala de cara a vindeira primavera.

Sra. Alcaldesa, preto da súa casa está a Fonte da Espiñardá, invitoa que se de un paseo por alí e despois darase conta da vergoña axena que sentimos os veciños e veciñas deste concello de vela nese estado.

Temos un recurso que pode ser un potencial turístico importante, mesmo noutros concellos do redor están a aproveitalos tendo un gran tirón de visitantes e, neste concello esta desaproveitado por sectarismo político, dígolles o mesmo que lles dixemos cando fixemos este mesmo rogo en marzo do ano pasado, póñanse as pilas porque Lourenzá está perdendo o tren que outros concellos da Mariña están sabendo aproveitar, levamos tres anos perdidos en canto xestións de promoción e difusión do noso concello de cara ao exterior.

3º.- No pleno ordinario celebrado en Xaneiro do 2016 debatemos unha moción do partido popular na que instamos ao concello a :

1.- Eliminar o pago de licenza de obra nos seguintes casos:

a) Arranxo de cubertas e fachadas de vivendas ruinosas para facilitar o cumprimento do artigo 9.1 b) da Lei de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

b) demolición de edificacións con expediente de ruína iniciado a instancias do propietario ou da administración segundo recolle o artigo 199 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

2.- Modificar a taxa fiscal correspondente no vindeiro pleno municipal.

Durante o debate tras a negativa por parte do grupo de goberno de asumila na súa totalidade xustificando que non estaba claro, a proposta do grupo municipal de partido popular foi que os arquitectos municipais revisaran a proposta e que o goberno a trouxera ao seguinte pleno ordinario ( algo que non recolleron en acta, nin tan sequera despois de pedírllelo no pleno do xoves).

Xa que vemos con dous anos de retraso e tendo en conta que xa está en vigor a lei do solo que obriga a rematar este tipo de obras rogamos ao equipo de goberno por segunda vez, que traigan a debate ao próximo pleno a proposta dos arquitectos municipais para a execución puntual da taxa municipal de licenza de obra de cubertas e fachadas ruinosas, demolicións de expedientes de ruína e remate exterior de fachadas.

4º.- En varias ocasións os grupos da oposición se interesaron polo mal estado non que se atopa a antiga N-634 que vai dende o centro do pobo ata Arroxo, así como da estrada que dende Santo Tomé pola Pateira,

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

atravesa San Adriano hacia Augaxosa. Calquera persoa que a frecuente pode darlles conta de que hai fochancas que atravesan a carretera de lado a lado, sendo practicamente imposible esquivalos.

En varias ocasións tamén, este grupo propuxo que fora incluído o seu arranxo, inclusive se propuxo que se fixera con cargo ao Plan Marco da Xunta de Galicia ou ao Plan Único da Deputación de Lugo.

Outra queixa continua dos veciños e veciñas de Lourenzá é o estado no que se atopa a estrada municipal que dende Tiagonce vai a San Xusto, encontrándose nun estado lamentable o firme, sendo un perigo para os transitarios da mesma.

En vistas disto, propoñemos que se inclúa o arranxo destes viais que son arterias importantes do concello, con cargo aos 150.000 euros do Plan Único da Deputación de Lugo.

### PREGUNTAS DO B.N.G.

#### **1 .- ¿ Pódese colgar na web do concello as actas dos plenos e das Xuntas de Goberno?. Poderíase colgar noticias dos grupos políticos. (Rex. Entrada num.482)**

Xa están publicadas no portal de transparencia porque van directamente dende o Gestiona.

Por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, rogouse que se colgaran tamén na páxina web.

En canto ó segundo punto, a Alcaldía contestou que non estaba conforme cando se trataba de novas con contido político, que eles tampouco as colgaban, soamente cando eran actividades feitas polo Concello, pero nunca notas de prensa de carácter político, porque no o consideraba o lugar idóneo.

O concelleiro do B.N.G. indicoulle á Sra. Alcaldesa que cando ela era concelleira fixera esa mesma solicitude, e agora en cambio, estaba en contra, o cal parecíalle, cando menos, bastante chocante e contradictorio.

#### **2.- Na Xunta de Goberno do 26 de xaneiro de 2018 aparece o pago dunha factura pola substitución dunha farola en San Xurxo por valor de 1.087,50 euros. ¿ Podería dicirnos o lugar exacto da substitución da farola e en que data foi realizada?. (Rex. Entrada num.483).**

- Aprobouse o pago porque hai seguros que solicitan a factura que nos lles vale co Albarán e que por motivos do mal tempo aínda non fora colocada pero que sería en breve, seguramente na semana que ven, e que o lugar era na parroquia de San Xurxo, na Casa de Otero.

#### **3.-¿Ten vostede constancia dalgún incidente ocorrido no Obradoiro de Emprego “Serra da Cadeira”?. (Rex. Entrada num.484)**

- Non sei a que tipo de incidente refírese, que podía ser algo máis concreto aínda que consideraba que non era un tema para tratar no pleno e que, se quería, falábano unha vez finalizara a sesión.

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

**4.- ¿ A canto ascende a contía do percibido por D. Carlos Rivas Rivas en concepto de desprazamentos varios aprobada na Xunta de Goberno do 23 de febreiro do 2018?. (Rex. Entrada num.485).**

- Foran 76,00 Euros (400km. A 0,19Km.). As viaxes foran a Lugo e a Coruña.

**5.- Na Xunta de Goberno do 23 de febreiro do 2018 figura o pago polo aluguer dunha carpa en Nadal por valor de 4.662,13 euros.**

a) ¿ Pedíuse e no se caso, recibiu algunha subvención para este gasto?.

b) ( De ser así), a qué organismo. (Rex. Entrada num.486)

Non houbo ningunha subvención, pagouna directamente o concello.

**6.-Alcaldes de concellos veciños , algúns afíns politicamente ao seu grupo de goberno, tramitaron e conseguiron os permisos necesarios para a limpeza das marxes dos ríos.**

**¿Ten pensado vostede seguir o seu exemplo e conseguir esas melloras para os nosos veciños?. (Rex. Entrada num.487).**

-Os permisos conseguidos polos concellos aos que vostede se refire son concedidos pola Confederación Hidrográfica, no caso noso sería co Augas de Galicia. Ademais non é tan fácil como parece posto que habería que ter en conta que a responsabilidade sería do concello non da persoa que limpe e no caso dunha denuncia que responde é o concello dos danos e prexuízos que se puideran ocasionar coas limpeza, posto que foi que solicitou e que ten a autorización para facer esa limpeza, que habería que estudar a letra pequena, que sen dúbida é unha necesidade real que os ríos atópanse nunhas condicións lamentables pola deixamento augas de Galicia que é quen ten a competencia e que debería facer estes traballos pero, en todo caso, ían a estudalo.

**7.-¿ En qué consistiu o material de promoción turística do concello de Lourenzá por valor de 2.000,13 euros abonado ao grupo Touche?. (Rex. Entrada num.488).**

- Refírese ós folletos turísticos.

**8.-Cantos expedientes de obras teñen os técnicos municipais pendentes de resolución a día de hoxe?. ¿Que data ten o máis antigo?. (Rex. Entrada num.489).**

- Os expedientes pendentes son arredor de vinte e o máis antigo é do quince de febreiro do ano dous mil dezasete.

**9.- Recientemente a Sra. Alcaldesa mantivo unha reunión cos afectados polas canteiras. ¿ Con que administracións se puxo vostede en contacto para interesarse pola problemática que a súa veciñanza lle está facendo chegar. (Rex. Entrada num.490).**

- Efectivamente tiven unha reunión cos afectados a finais de decembro e a finais do mes de xaneiro informáronme que cursaron denuncia en Augas de Galicia e posta en contacto con dito organismo informáronme que déranlle traslado á Área de verquidos ó ser quen tiña a competencia e que terían que facer os pertinentes análises da calidade da auga e polo de agora estamos agardando a que teñan os resultados.

En canto ó resto dos problemas son competencia do Concello de

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

Mondoñedo onde está situada a canteira.

### **PREGUNTAS DO P.POPULAR.**

#### PREGUNTA NUM.35 (E-RE-59).-

Durante a celebración do último pleno ordinario celebrado en Novembro, é dicir, xa fai catro meses, preguntábase polo proxecto de xestión da Escola Municipal de Música así como pola partida orzamentaria adicada a tal fin, a aprobación da taxa de prezo público de matrícula e cotas mensuais e o proceso de contratación dos profesores da mesma.

En resposta a isto, o Sr. Arango ,portavoz de goberno, contestounos que o título de escola municipal llo puxeran “eles”, non sabemos a quen se refire, e que serían unhas clases de proba durante dous meses para o cal se pagaría a empresa Soilar Gestión e Servizos Musicales S.L., 885 €. Escusou a aprobación da taxa do prezo público de matrícula no feito de que eran alumnos da empresa e que farían un contrato menor rematado o período de proba para regularizar a situación, recollendo nos orzamentos do ano 2018 unha partida para tal fin.

Por outro lado, segundo o que recollen as actas das Xuntas de Goberno Local que obran no noso poder, a empresa que xestiona a Escola Municipal de música rexistrou xa 3 facturas por importe de 885 € cada unha dende que se celebrou o último pleno.

En relación ó anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula á Sra. Alcaldesa as seguintes preguntas:

- 1.- Segue a Escola Municipal de Música en funcionamento sen contrato asinado entre o concello e a empresa concesionaria do servizo?.
- 2.- Cal é o motivo de que os orzamentos aprobados para o 2018 non recollan unha partida específica para o funcionamento da Escola Municipal de Música?.
- 3.- Transcorridos máis de catro meses dende a posta en funcionamento da Escola Municipal de Música, poden explicarnos cal é o seu proxecto de xestión?.

Polo voceiro do Partido Socialista, Sr. Arango Ron, indicouse que tratábase dun contrato menor de prestación de servizos, e que nuns días asinaríano coas condicións concretas.

#### PREGUNTA NÚM.36(E-RE-69).-

Na acta da XGL celebrada o 23 de febreiro do 2018 concédese licenza para acondicionamento interior de vivenda para albergue para unhas obras cuxo orzamento ascende a 51.361,34 €, ao mesmo tempo que se concede licenza de apertura para o mesmo albergue.

En relación ao anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula á Sra. Alcaldesa as seguintes preguntas:

- 1.- ¿ Cal é a explicación de que no mesmo día se conceda a licenza de obra e a licenza de apertura para o mesmo inmovible?  
- Dáselle á vez, posto que non se pode dar unha licenza de obras para un Albergue se despois non se lle va a dar a licenza de apertura para

## Concello de Lourenzá





## **Concello de Lourenzá**

---

dito albergue. Pola Secretaría que subscribe explicouse con mas detalle dito extremo, indicándolle que así o prevía a lei e que en canto á apertura era unha comunicación previa, posto que era suficiente cando non estaban sometidas a avaliación ambiental e que cobrábaselles unha taxa pola apertura.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Lourenzá**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506